

MOTOR

O club Galicia Racing promove unha fin de semana de xogos

Será en maio e haberá exposicións, probas de habilidade e acampada

O clube de aficionados ó motor Galicia Racing organiza en Neda na primeira fin de semana de maio (os días 3 e 4) unha concentración aberta a calquera tipo de vehículo. Prepáranse dúas intensas xornadas de actividades con xogos como probas de aparcamento.

REDACCIÓN > FERROL

■ A concentración comezará ás 10.30 horas do sábado 3 e rematará ás 18.00 horas do domingo 4. Habilitaranse tres zonas de aparcamiento e unha de acampada con aseos e duchas. Está aberta a coches pero tamén a motos, karts e todo tipo de vehículos. Os que quieran inscribirse teñen de prazo ata as 14.00 horas do propio domingo. Deberán aboar cinco euros (catro os socios do clube). Para os visitantes a entrada no recinto será gratuita.

Tal e como indican desde a organización, está previsto que haxa xogos populares e actividades relacionadas cos vehículos como probas de aparcamento (trátase de ver quien o fai máis rápido), queimada de rodas, concurso de audio e outras propostas propias



Imaxe de arquivo dunha concentración de coches de gama alta

de eventos deste tipo. Faranse ó aire libre ainda que se o tempo non o permite levaranxe adiante baixo cuberto.

Exposición > Unha das iniciativas más atractivas desta fin de semana dedicada ó motor será a exposición de vehículos de alta gama e de luxo, que se fará grazas ás aportacións de particulares e tamén de concesionarios. En Neda, no paseo marítimo, poderanse contemplar exemplares de Maserati, Shelby, Nissan Infiniti, Audi e Mercedes. Nalgúns casos trátase de coches únicos en España, polo que será unha excelente ocasión.

para ver de cerca modelos escasísimos.

As persoas interesadas en participar poden obter máis información na web do clube Galicia Racing (www.galiciaracing.es). Ál mesmo, no foro, pódese realizar a inscrición.

Esta entidade naceu en Neda recentemente e recolle un interese crecente na comarca polos coches. En febreiro realizaron unha ruta automobilística por Neda e teñen previsto facer unha saída en agosto (o día 2 farán a ruta Neda-Pastoriza) e un "ecotrack" -concentración de todoterreos- xa en outubro.

SILVESTRISMO

A Faísca organiza o trofeo Cidade de Narón de canto de paxaros

REDACCIÓN > FERROL

■ O campo de fútbol municipal de Río Seco, no termo municipal de Narón, será este domingo o escenario dunha competición na que os protagonistas serán os paxaros más ledos. Desde as nove da mañá e ata ás 8 das da tarde celebrarase alí o primeiro trofeo Cidade de Narón de canto de paxaros silvestres. As variedades que se escutarán durante a xornada serán xilgueiro, mixto de xilgueiro, pardillo, mixto de pardillo e verdeón.

O torneo está organizado polo clube de cazadores e sociedade de silvestrista A Faísca. Espérase que acuda a contemplar a competición o concelleiro de Deportes de Narón, Guillermo Sánchez Fojo, e outros representantes do goberno local.

Os exemplares serán enxuiados en tódalas súas gamas por xuices autonómicos que pertenecen á Federación Galega de Caza.

PUBLICACIÓN

Columba presenta mañá en Covas o número oito da súa revista cultural

REDACCIÓN > FERROL

■ A sociedade cultural Columba ten na rúa un novo número do seu voceiro cultural. Presentátese mañá, ás 19.30 horas, na cooperativa de Covas, Marmancón e Esmelle. Está prevista a asistencia da concelleira de Cultura, Yolanda Díaz.

A revista "Columba" conta cunha cuidada edición e, no seu interior, hai numerosas colaboracións que proporcionan interesantes informacions sobre aspectos históricos e sociais da zona rural de Ferrol.

Henrique Dacosta, Mario Valdivieso, Antón Varela, José López Hermida, Luís Torella, Rosa Méndez, Paulina Gasalla, Vicente Rodríguez Lorenzo, Mucho del Río, Juan José Burgos, Xabier Monteiro Graña, Germán Castro Tomé, Carmen Hermida, Díaz, José María Carballo, Fernan F. G. de Brage e Santiago Sánchez de Toca aportan os seus

estudos e coñecementos para achegarse a persoas e acontecimentos diversos.

Así, nesta revista hai creación literaria e homenaxes e recordos. É o caso das líñas que abren o texto para falar do ex concelleiro Bonifaciano Borreiros, de Pérez Parallé ou de Alejandro Porto Leis. Afondase en técnicas de pesca, coñécese polo mundo a gaita de foles mirandesa e tamén o carro do país. Ademais, unha ollada á revista permite coñecer mellor os bosques de Esmelle ou o ciclo do pan, así como ás aventuras e desventuras da estrada de Covas. As distintas formas e tipos de pechaduras, a análise da topónimia da parroquia de San Juan de Esmelle, os restos arqueolóxicos de Santa Comba (os que lles adica unhas xornadas no campus do 21 ó 25 de abril) ou a memoria de viaxes e excursións realizadas polos veciños completan esta interesante achega.

en corto



Imaxe da actuación de onte no Conservatorio Profesional de Ferrol L.R.

MÚSICA

O violín de Manuel Guillén interpretou obras actuais no Conservatorio Xan Víaño

■ O violinista Manuel Guillén ofreceu onte no Conservatorio de Música Xan Víaño un recital de música titulado "O violín do século XXI", no que interpretou pezas de compositores actuais como Salvador Brotons, David del Puerto ou Juan Medina. Ademais, e aproveitando a presenza do profesor madrileño en Ferrol, Manuel Guillén impartirá esta fin de semana un curso de interpretación co violín para os alumnos do centro. As clases serán o sábado e o domingo en horario de mañá e tarde.

FESTAS

Vilarmaior dedica a xornada de hoxe á terceira idade

■ Vilarmaior celebra hoxe e mañá a VI Festa da Árbore e da Terceira Idade. Para esta xornada está prevista unha cea de confraternización dos maiores, logo da misa das oito. Ás dez da noite actúan as orquestras Compostela e Os Trovadores. O sábado haberá prantación de ábores, chocolate, churrasco e música con Os Satélites. Organiza a AVV A Armonía.

SENDERISMO

O club de montaña Pórtico marcha á Costa da Morte

■ A sección de Montaña Pórtico realiza mañá unha marcha pola Costa da Morte. Nesta ocasión a ruta partirá do porto de Camariñas en dirección ao cabo Vilán. O tempo estimado do percorrido completo é de seis horas e a dificultade é media. As persoas interesadas en participar deben presentarse ás 8.15 horas na rúa Castro de Perilo.

OCIO

Fene convoca ós ciclistas a unha marcha polo concello

Fene celebra este domingo a súa III Marcha Ciclista. Os participantes sairán ás 9.30 horas da praza do Concello e percorrerán cinco das oito parroquias da localidade nunha ruta de 15 quilómetros considerada de dificultade baixa. Os ciclistas teñen que ter máis de dez anos e deberán levar casco. Cíntase coa colaboración do Club Ciclista Ferrol.



Foto da marcha do ano 2006

ASOCIACIONISMO

A AVV O Rosario pide reunirse con Cultura

■ A AVV O Rosario-Infernijo presentou onte no rexistro do Concello un escrito dirixido á Concellería de Cultura para solicitar unha entrevista coa súa representante, Yolanda Díaz. A entidade vecinal demanda que a Banda Municipal de Música da cidade actúe no Palco da Música da Praza do Infernijo en vinte e dous datos, coincidiendo coa floración das árbores deste espazo. Ademais, tamén reclaman unha programación cultural anual para o Carvallo Calero.